



Relación temática: esquemas de progresión temática (páx. 48)

Existen diferentes **esquemas de progresión temática**:

a) Tema continuo: un tema constante desenvólvese en diferentes remas:

A miña casa está situada nun val e atópase a dous quilómetros do centro da vila. Foi construída hai xa doce anos pero o pasado verán fixémoslle unha remodelación e pintámola de amarelo e gris. Sempre me gustaron as súas grandes ventás, que enchen de luz todo o interior, pero o máis bonito é, sen dúbida, o xardín.



b) Temas enlazados ou en cadea: prodúcese unha relación de concatenación, pois o tema primeiro dá lugar a remas que, á súa vez, se convierten en temas.

A casa ten tres cuartos. Nun deles atopamos dúas camas, un armario e un espello moi grande, que xa era da tataravoa que viñera do Brasil. Este espello estaba decorado con moitas pedras incrustadas nun marco de madeira e sempre tivera un aquel de misterio [...].

c) Temas derivados. Un tema dá lugar a diferentes temas relacionados co primeiro, que teñen os seus desenvolvementos específicos:

Nesta casa, construída no ano 1930, viviron varias xeracións da mesma familia. A primeira foi a dos meus tataravós, que emigraran a Cuba, onde foron reunindo os cartos con moito esforzo [...]. Os materiais utilizados foron traídos desde moi lonxe e foron moi caros. Daquela apenas se usaban pinturas exteriores e esta vivenda foi das primeiras en lucilas [...]. Tardouse en facela dous anos, porque aos seis meses de comezala o meu tataravó caeu enfermo e tiveron que pasar unha longa tempada na cidade [...]. Na decoración do interior axudaron moito as curmás portuguesas, pois confeccionaron todas as cortinas coas súas propias mans, escolleron as alfombras das cores máis adecuadas e os móbeis máis accesíbeis.

